

RENACEMENTO - QUATTROCENTO

OBRA: DAVID

AUTOR: **DONATELLO** (1386-1466)

COMITENTE: Cosme de Médici

CRONOLOXÍA: 1444-1446

ESTILO: Renacemento (Quattrocento)

TIPOLOXÍA: Escultura de vulto redondo

LOCALIZACIÓN: Museo Bargello (Florenxia)

MATERIAIS: Bronce

Altura: 1,58 m

TEMA: Bíblico, utilizado como alegoría política (David –Florenxia- fronte a Goliat –Milán-)



DONATELLO

É o escultor máis importante do S.XV, e tivo gran prestixio en vida. Coñece a Brunelleschi na cantoría da catedral de Florenxia e de alí pasa ao obradoiro de Ghiberti. Era especialista en bronce. A súa carreira evoluciona desde o clasicismo máis puro ata o expresionismo ao final da súa vida, pero sempre centrado no home. Naceu en Florenxia e foi amigo e compañeiro de Brunelleschi, aínda que entre os dous houbera gran diferenza de clase social. Donatello era un home do pobo que aprenderá o oficio traballando nos obradoiros (con el introdúcese o elemento popular no campo da escultura). A escultura recupera con el a autonomía, os materiais e as características da estatuaria clásica.

ANÁLISE

O *David* é o primeiro espido fundido en bronce desde a Antigüidade clásica. É unha escultura exenta, de tamaño natural, encargada para ser colocada sobre un pedestal no centro do palacio Médici e para ser observada desde diferentes puntos de vista. É unha estatua exenta, vertical, cunha base circular que representa unha coroa de loureiro, sobre a que están a decapitada cabeza de Goliat e a figura erguida de David. Tal vez sexa a máis clasicista obra de Donatello, con exaltación da beleza do corpo, lirismo erótico e certa ambigüidade adolescente. Leva un sombreiro florentino con follas de loureiro.

Emprégase o **contraposto** e a **curva praxiteliana**. Vemos un acusado contraposto entre pernas e brazos, cunha das pernas dobrada e apoiada sobre a cabeza de Goliat que disequilibra a cadeira orixinando un modelo praxiteliano de composición cun suave movemento en S. Tamén produce un xogo de ángulos e ocos, con varios puntos de vista para o espectador, aínda que prima a visión frontal. A cabeza inclínase para contemplar o rostro do vencido Goliat, o que permite a que o observa, nun plano inferior, apreciar a súa expresión de serenidade triunfal.

Realizado en bronce puído, Donatello opta por representar a paisaxe bíblica do enfrontamento entre o mozo David e o xigante soldado filisteo Goliat xusto no momento posterior ao devandito enfrontamento, cando todo rematou coa vitoria en favor do mozo. Este aparece representado totalmente

espido, fóra dun chapeu toscano coroado con follas de loureiro e unhas botas altas, portando coa man dereita a espada coa que acaba de degolar a Goliat, cuxa cabeza pisa coa perna esquerda.

Donatello volta a mirada á escultura clásica grega e o personaxe bíblico aparece representado coma se dun deus olímpico se tratase. O corpo de David aparece representado como o dun mozo adolescente de anatomía branda apenas desenvolvida. O rostro imberbe do mozo David expresa serenidade e contrasta co do vencido Goliat cuxo rostro barbudo de faccións marcadas e maduras contrastan coas do seu opoñente. Cabe destacar o rico relevo que decora o helmo do xigante, onde paradoxicamente se representa o triunfo e algúns detalles que aluden á cidade de Milán, inimiga de Florencia.

Trátase dun **realismo dramático**, é dicir, búscase a conciliación entre a gravidade e serenidade clásica e o dato observable extraídos dos rostros e xestos da xente da rúa. Contrasta a suavidade do corpo adolescente e a presenza nas súas mans da espada e da pedra, elementos que recordan a violencia do tema tratado.

ICONOGRAFÍA

Estamos ante a historia de David. Os feitos que se narran comezan cando o pai de David, que se adicaba ao pastoreo, enviouno ao lugar onde estaba acampado o exercito israelí para localizar aos seus tres irmáns máis vellos. Ao chegar ao campamento, enterouse de que un filisteo moi forte, un xigante chamado Goliat, estaba a desafiar en combate individual a calquera inimigo. O rei deu permiso a David para loitar contra o xigante, polo que foi ao seu encontro. Levaba unha armadura do rei, pero como era moi pesada deixouna. Colleu pedras e dispúxose a loitar cunha honda. Goliat riu ao velo tan novo e mal armado. O pastor puxo unha pedra na honda, xirouna e lanzouna directa á fronte do xigante, derrubándoo. David colleu unha espada e cortoulle a cabeza

COMENTARIO

Na Florencia deste tempo voltan a ter significación os temas civís, como en Roma. Encárganse retratos de personaxes importantes da vida pública e novos temas que expresan mensaxes cidadáns ou políticos. Aquí se representa un personaxe da historia sagrada, pero a figura perde sentido relixioso para se converter en símbolo de Florencia, vencedora fronte á poderosa cidade de Milán. Representa ao mozo David en actitude tranquila despois de ter vencido ao xigante Goliat. En esta figura Donatello recupera o espido clásico para a escultura. Utiliza o contraposto, co que obtén varios puntos de vista, relacionando a figura co espazo circundante. O escaso desenvolvemento muscular recorda a Praxíteles. O chapeu que leva na cabeza sérvelle ao escultor para obter valores de claroscuro, pero tamén é o elemento que fai referencia á cidade porque é o sombreiro típico dos pastores florentinos. Así mesmo, a referencia a Milán está no casco do xigante.

CONCLUSIÓN

Coa escultura do David, Donatello voltou ao modelo da escultura clásica grega, retomando o tema do espido. Donatello rompía case mil anos de tradición artística e a escultura recuperou o seu lugar con independencia do marco arquitectónico ao que estivera supeditado durante a Idade Media. Este tema será tratado por escultores renacentistas como Verrocchio ou Miguel Anxo, así como por escultores posteriores como o escultor barroco Bernini.